

BANDO

FOGUEIRAS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO 2025

D. XOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ ABRALDES, ALCALDE DO CONCELLO DE BARRO, **FAI SABER:**

Que as persoas ou entidades interesadas en realizar as tradicionais fogueiras de **San Xoán** (a noite do 23 para o 24) e **San Pedro** (a noite do 28 para o 29) **teñen os seguintes prazos para a presentación da correspondente solicitude de autorización**, ben a través da Sede Electrónica ou ben de xeito presencial nas oficinas municipais:

- San Xoán **ata o 20 de xuño inclusive.**
- San Pedro **ata 26 de xuño inclusive.**

É imprescindible atender ás seguintes disposicións para a seguridade e o bo desenvolvemento das celebracións:

- As fogueiras non poderán iniciarse antes das 00:00 h.
- Prohibida a súa realización en terreos forestais e a queima de materiais como pneumáticos, plásticos, espumas ou calquera residuo non combustible.
 - A altura máxima será de 2 metros e 3 metros de diámetro en terreos privados, e 3 metros de altura e 4 metros de diámetro en vía pública.
 - As persoas organizadoras, maiores de idade, son responsables do correcto desenvolvemento da actividade e da total e correcta extinción ao remate da mesma.
 - Non se permitirá a realización de fogueiras se o Índice de Risco Diario de Incendio Forestal (IRDI) é moi alto ou extremo ou se hai un exceso de vento.

Asdo. Xosé Manuel Fernández Abraldes.
Alcalde de Barro.

